

# Eucaliptos de interese forestal en Galicia

Francisco Javier Silva-Pando e Andrea Fernández Darriba  
Centro de Investigación Forestal de Lourizán. Xunta de Galicia

OS EUCALIPTOS ESTÁN INCLUÍDOS no xénero *Eucalyptus*, que comprende case mil especies, subespecies e híbridos, que medran case na súa totalidade en Australia e Tasmania. Trouxéronos a Europa no ano 1774 e empezáronse a plantar en Galicia arredor do ano 1850 na zona de Ortigueira e, en contra do que se di, non foi o Pai Frei Rosendo Salvado o introdutor en Galicia, senón algún propietario desa zona. Na década de 1860 atopábase xa en diversos parques e xardíns pacegos e foi a partir dos anos vinte do século pasado cando se expandiu polas zonas baixas e medias da nosa terra.

Na súa terra orixinaria, os diferentes eucaliptos cobren unha gran variedade de tipos de clima e solos. Por mor dun proceso de adaptación, a maioría dos eucaliptos medran en solos con moi baixa fertilidade, polo que ao crecer na nosa terra, algo máis rica en nutrientes, medran moi ben; o fósforo é reciclado moi eficientemente, polo cal, o mellor nivel de fósforo nos nosos solos favorece máis o crecemento. Teñen un sistema radicular que toma a auga dos niveis superiores do solo e compite, por tanto, con outras plantas.

De todas as especies existentes, as que dominan en Galicia son as que medran ventureiras no sueste de Australia e en Tasmania. O clima nesas zonas é moi similar ao clima que temos en Galicia, polo que é normal que medren tan ben aquí.

Despois dun traballo feito nos últimos tempos, atopamos máis de 40 especies que medran dunha forma máis ou menos ventureira nos nosos montes ou terreos non urbanizados. Ademais, hai preto de

80 especies cultivadas en parques e xardíns galegos, estando representadas a maioría no Xardín Botánico de Lourizán (Pontevedra).



Para unha correcta identificación dun eucalipto, é conveniente ter follas novas e adultas, flores e froitos e saber como é a casca, tanto na base coma no resto do tronco e ramas. Ás veces, algunha especie presenta un ou varios caracteres que a permite diferenciar claramente doutras, polo menos entre as que encontramos en Galicia.

Os eucaliptos máis abundantes que podemos encontrar en Galicia, son os que se describen neste artigo.

Na táboa que se xunta podemos ver as características climáticas en Australia dos eucaliptos mencionados. *E. globulus* é o que peor soporta as baixas temperaturas, namentres que *E. pauciflora* medra ben a altitudes ata os 800 m ou máis e aparece disperso nas catro provincias, probablemente plantado desde os anos 60 ou antes; habería que estudar a súa capacidade para medrar en sitios por riba dos 1.000 m, onde soportaría una certa cantidade de neve no inverno. *E. viminalis* tamén soporta as baixas temperaturas e pódese encontrar sobre todo na comarca de Maceda e Allariz e Eume e Betanzos, o mesmo que *E. macarthurii*. Na Serra do Suído e algúns outros lugares altos atópase *E. delegatensis*. *E. nitens* é plantado en moitos lugares, ata una altitude de 800 m. Outros eucaliptos encóntranse nas catro provincias, a alturas menores que as citadas. Por contra, a cantidade de choiva non é problemática para a maioría deles, aínda que a *E. macarthurii* vanlle mellor condicións máis mediterráneas e algo menos de auga.

## Clave polas inflorescencias

Flores solitarias, ás veces dúas no mesmo pedicelo				<i>E. globulus</i>	
Inflorescencias de tres ou máis flores	Inflorescencias de tres flores			<i>E. viminalis</i>	
	Inflorescencias de máis de tres flores	Follas adultas oblicuas na base	Casca rugosa na base do tronco e lisa polo resto	Umbelas por pares, valvas algo saíntes	<i>E. regnans</i>
				Umbelas simples, valvas a ras ou inclusas	<i>E. delegatensis</i>
			Casca rugosa en toda a árbore		<i>E. obliqua</i>
		Follas adultas non oblicuas na base	Casca rugosa en todo o tronco e pólas grosas		<i>E. macarthurii</i>
	Casca lisa, ás veces soltándose en tiras ou en placas		Nerviación da folla paralela	<i>E. pauciflora</i>	
		Nerviación da folla oblicua ou transversal	<i>E. nitens</i>		



## Clave pola casca

Casca rugosa	Casca rugosa na base do tronco e lisa no resto	Valvas inclusas ou a ras		<i>E. delegatensis</i>	
		Valvas saíntes		<i>E. regnans</i>	
	Casca rugosa en todo o tronco	Casca fibrosa con estrías lonxitudinais		<i>E. obliqua</i>	
		Casca rugosa doutros tipos		<i>E. macarthurii</i>	
Casca lisa, ás veces soltándose en tiras ou en placas	Flores solitarias, ás veces dúas no mesmo pedicelo			<i>E. globulus</i>	
	Inflorescencias de tres ou máis flores	Inflorescencias en umbelas de tres flores		<i>E. viminalis</i>	
		Inflorescencias en umbelas de máis de tres flores	Nerviación da folla lonxitudinal		<i>E. pauciflora</i>
			Nerviación da folla transversal ou oblicua		<i>E. nitens</i>

## Características climáticas habituais das diferentes especies de eucalipto en Australia

Especie	TMMmc	TMmmf	Tmabs	Choiva	Días xeada
<i>E. globulus</i>	13/29	-1/+12	-6/-10	600/1500	5-40
<i>E. camaldulensis</i> *	21/41	0/+14	-5	400/2000	20
<i>E. macarthuri</i>	23/25	-1/+2	-9	800/1100	30/>100
<i>E. regnans</i>	22/25	-2/+4	-7	750/1700	5/80
<i>E. nitens</i>	19/29	-3/+4	-10	700/2300	50/150
<i>E. obliqua</i>	19/29	-4/+8	-8	500/2400	0/100
<i>E. delegatensis</i>	19/25	-4/+3	-9	700/2500	50/>100
<i>E. viminalis</i>	21/32	-4/+9	-15	500/2500	20/100
<i>E. pauciflora</i>	17/26	-8/+6	-18	600/1900	5/200

TMMmc = temperatura media das máximas do mes máis cálido en °C; TMmmf = temperatura media das mínimas do mes máis frío en °C; Tmabs = temperatura mínima absoluta en °C; Choiva en litros.m<sup>2</sup>.ano<sup>-1</sup>. *E. camaldulensis* inclúese pola importancia no sur de España.

\*Procedencias do sur de Australia.



***Eucalyptus globulus*** (Eucalipto branco)

Árbore cun tronco recto e único que en Galicia acada máis de 60 m de altura, como ocorre cos que medran nas ribeiras do Landro en Chavín (Lugo), aínda que normalmente se corta por baixo dos 40 m. A casca é lisa e despréndese en tiras, follas novas opostas, pegadas ás ramas e abrancazadas; as adultas alternas, lanceoladas e verdes por ambas caras, case simétricas na base e cun pecíolo de 2-3 cm. Ten froitos illados, en forma de pirámide con catro costelas nos bordes, de 2x2,5 cm, e normalmente abrancazados. A madeira é de cor lixeiramente amarela-marrón, con claros aneis e medianamente densa, densidade básica 490-570 kg.m<sup>-3</sup>. Orixinario da zona costeira de Tasmania e o extremo suroriental de Australia, onde a temperatura media das mínimas varía entre os 0-8 °C.

Este é o eucalipto máis abundante en Galicia e probablemente o primeiro plantado; popularmente coñecido como “eucalipto do país”.



***Eucalyptus macarthurii***

Árbore de altura media, co tronco dereito pero normalmente moi ramificado, casca rugosa, fibrosa e gris-marrón, que se desfai en pequenas placas alongadas, no tronco e lisa e branca nas ramas; follas adultas estreitamente lanceoladas, de 7-12 cm de longo, da mesma cor por ambas caras; flores en grupos de 7 sobre un pedúnculo de 2-9 mm e froitos hemisféricos ou case globulares, de 5x4 mm, coas valvas saíntes. Madeira case branca, bastante pesada e pouco durable no solo. Este eucalipto coñécese popularmente como “caracolillo”.



***Eucalyptus regnans***

Despois das sequoias, é a árbore máis alta do mundo, superando os 110 m. Casca rugosa polo baixo e lisa branca ou verde-grisácea no resto, desprendéndose en tiras. Follas adultas de 10-22 cm, anchamente lanceoladas, coa base oblicua. As flores agrúpanse en dúas umbelas, con 7-15 en cada unha, os froitos de 7x6 mm, case cónicos ou en forma de pera. Madeira moderadamente forte, durabilidade baixa, cor marrón pálida e densidade básica 390-490 kg.m<sup>-3</sup>. É moi sensible ao vento, polo que con frecuencia é derribado por este. En Australia, considérase o mellor eucalipto para a industria da pasta de papel. A diferenza do resto dos eucaliptos, non rebrota despois do lume, reproducíndose só por semente. Este eucalipto xunto co obliqua e o delegatensis, son coñecidos en Galicia como “peludos”.



***Eucalyptus nitens***

Pode acadar alturas similares a *E. globulus*, co tronco, a casca e as follas similares a este. Os froitos cilíndricos ou ovoideos, de 6x7 mm, xúntanse en grupos de 7 pegados na punta dun pedúnculo de 0,5-1 cm; ás veces aparece na mesma disposición nos brotes novos. A madeira é de cor fresa a rosa pálido, gran dereito, pouco durable e densidade entre 465-560 kg.m<sup>-3</sup>. En Australia, chega a subir ata zonas onde a neve pode permanecer ata una semana sobre o chan. En Galicia acada unha maior produtividade que *E. globulus*, pero o seu rendemento en pasta por hectárea é menor.

As ilustracións das inflorescencias foron extraídas do *Atlas del eucalipto* de Gaspar de la Lama Gutiérrez (Ministerio de Agricultura, Madrid, 1982).



### *Eucalyptus obliqua* (Carballo australiano)

Pode acadar os 90 metros e ter un tronco de ata tres metros de diámetro. Na base forma un tubérculo leñoso, de forma que as árbores queimadas ou cortadas ás veces recupéranse con varios gromos. A casca é lonxitudinalmente rugosa, fibrosa e gris-marrón; as follas novas son opostas, ovadas, verdes e de distintas cores ambas caras, namentres as adultas son alternas, amplamente lanceoladas, de base asimétrica e acuminadas no ápice, verdes e de ata 15 cm de longo. Entre 7-15 flores e froitos con forma de tonel, de case 1x1 cm, sobre un pedúnculo. Medra en Tasmania e o extremo suroriental de Australia, onde ascende ata os 1.000-(1.200) m, recibindo unha cantidade de chuvia maior ca *E. globulus*, e con temperaturas medias das mínimas do mes máis frío de ata -4 °C. O cerne ten cor marrón máis ou menos claro, é pesada, (650-800)-830 kg.m<sup>-3</sup>, menos durable que a de *E. globulus*, pero con máis usos.



### *Eucalyptus viminalis*

Ten a casca rugosa e persistente na parte baixa e caduca e máis ou menos lisa no resto. As follas son lanceoladas, de 8-17 cm; as flores e froitos agrúpanse en 3 moi xuntas na base, froitos de 6x7 mm, coas valvas saíntes. Madeira rosa a rosa-marrón, fácil de traballar, pero de pouca resistencia e durabilidade e pesada. O zume ten un alto contido en azucre (5-15%) e as follas son o alimento esencial para os koalas.

En Castro de Rei (Lugo) hai un exemplar que acadou os 45 m aos 120 anos, cun diámetro de copa de 35 m.

Como a especie inferior, intégrase de varias subespecies con hábitats naturais diferentes.



### *Eucalyptus delegatensis* (= *E. gigantea*)

É dos eucaliptos que poden acadar maior altura, coa casca rugosa na base e lisa e branca no resto do tronco e ramas, as follas adultas en forma de fouciño aberto e oblicuas na base, verde-brillantes. As flores e froitos xúntanse en umbelas de 11, aínda que poden chegar aos 25, sobre un longo pedúnculo, e aquelas á súa vez sobre un corto pecíolo; os froitos de 8x10 mm coas valvas incluídas. Madeira amarelo-marrón a rosa marrón, gran dereito e densidade básica 450 kg.m<sup>-3</sup>. Moitas das masas naturais reciben neve varios meses ao ano.



### *Eucalyptus pauciflora*

Este eucalipto é diferente aos demais polo porte ramoso desde case a base, coa casca lisa, de cor branca, crema ou verde clara, que se perde en placas ou tiras, dándolle una aparencia moteada. As follas novas son pecioladas e as adultas brillantes, lanceoladas a amplamente lanceoladas, de 10-20 cm de longo, e teñen os nervios paralelos. Os froitos reúnense de 7-15 case sentados sobre un pedúnculo de ata 20 mm, teñen forma hemisférica ou de pera, duns 10x10 mm. Chamados eucaliptos de neve por medrar en zonas que neva, rexenéranse por semente, por brotes do tronco baixo a casca ou a partir de tubérculos leñosos. É o máis tolerante ao frío das especies de *Eucalyptus*, sobrevivindo a temperaturas de ata -18 °C.

O nome *pauciflora*, procede do latín e significa “poucas flores”, non sendo moi apropiado, posto que esta especie con frecuencia florece profusamente.